



xornadas de  
MÚSICA  
CONTEMPORÁNEA

Santiago de Compostela

OUTUBRO 2012

xornadas de  
MÚSICA  
CONTEMPORÁNEA  
Santiago de Compostela  
● OUTUBRO 2012

Froito e consecuencia do pulo que nos últimos anos tivo en Galicia a interpretación, experimentación e creación na música contemporánea actual e do século XX nacen en Santiago de Compostela estas novas Xornadas de Música Contemporánea. O cartaz inclúe a algún dos conxuntos e artistas máis preocupados e activos na difusión da música contemporánea en Galicia (Ensemble s21, Taller Atlántico Contemporáneo, Vertixe Sonora Ensemble, Elisa Vázquez Doval, Diego Ventoso, Ton Risco ou Jacobo de Miguel), aos que se suman as visitas de músicos de prestixio como o dúo californiano Barn Owl ou o madrileño Trío Arbós, e agrupacións e orquestras nadas ao abeiro de institucións da nosa terra como a Real Filharmonía de Galicia, a Orquestra Sinfónica de Galicia (representada polos seus grupos de cámara), o Grupo de Danza Contemporánea do Conservatorio Profesional de Danza de Lugo e a Orquestra do Espazo de Cámara da Universidade de Santiago.

O variado programa destas Xornadas de Música Contemporánea de Santiago ten na música dos séculos XX e XXI un amplo campo de traballo co que chegar á maior cantidade de público

posible. O diálogo está servido en propostas que inclúen a danza, o audiovisual, a inspiración en xéneros como o jazz, o rock e outros xéneros nas periferias da música moderna como o *drone* (Barn Owl) e achegas didácticas. Dende os clásicos do século pasado ata as vangardas e as propostas máis experimentais, o programa inclúe ademais a estrea absoluta e estreos en España de obras de autores como Kaija Saariaho, Juanjo Colomer, Volodymyr Runchak, Javier López de Gueña e Wladimir Rosinskij. A clásicos como Ravel, Debussy, Shostakovich ou Bartók, únense figuras transcendentais da música da segunda metade do século XX como Glass, Xenakis, Ives, Takemitsu ou Boulez e singulares achegas como as de Corigliano ou Matalon e as de novos valores internacionais (That Tiet, Billone, Steen-Andersen, Runchak, Djordjevic...), nacionais (Colomer e Torres) e galegos e residentes en Galicia, representados nos nomes de Fernando Buide, Wladimir Rosinskij, Jacobo de Miguel ou Ton Risco. Dun protagonismo especial gozará o norteamericano John Cage, persoeiro singular de quen neste 2012 se conmemora o centenario.

Estas Xornadas retoman un camiño de colaboración iniciado en 1987 na Universidade de Santiago de Compostela, cando o profesor Carlos Villanueva como encargado de actividades culturais, en colaboración co Centro para a Difusión da Música Contemporánea dirixido por Tomás Marco e co compositor vigués Enrique X. Macías (Vigo, 1958-1996) como director artístico, puxeron en marcha as I Xornadas de Música Contemporánea. Este traballo na procura da difusión da música contemporánea continuaría nunha segunda etapa en colaboración co Centro Galego de Arte Contemporánea con Manel Rodeiro como responsable do departamento de música e director artístico das xornadas. Organizadas conxuntamente polo Centro Galego de Arte Contemporánea, a Universidade de Santiago de Compostela, o Auditorio de Galicia e o Concello de Santiago, estas xornadas constitúen un exemplo de diálogo entre institucións esenciais da cidade de Santiago e contan tamén coas colaboracións fundamentais do Consorcio de Santiago, o Consorcio para Promoción da Música de A Coruña, a Cidade de Cultura, a Xunta de Galicia, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago, o Conservatorio Profesional de Danza de Lugo e o Centro Nacional de Difusión Musical.

● 23. MARTES

**GRUPO DE DANZA CONTEMPORÁNEA  
DO CONSERVATORIO PROFESIONAL  
DE DANZA DE LUGO**

---

**DIEGO VENTOSO** percusión  
**PALOMA LUGILDE** recitado

**FUNDACIÓN TIC**

**RAQUEL GONZÁLEZ** videocreacións

*Opening*  
*viaxe pola vida e a natureza*  
*a través da danza, a música,*  
*a poesía e a imaxe*

Glass, Xenakis, Hackbarth

.....

**Teatro Principal**

20.30

● 25. XOVES

**VERTIXE SONORA ENSEMBLE**

---

*Ilusión real*

Tian, Billone, Djordjevic  
Steen-Andersen

.....

**CGAC**

**Centro Galego  
de Arte Contemporánea**  
20.30

.....

● 26. VENRES

**ELISA VÁZQUEZ DOVAL** piano

---

*Cage<sup>100</sup>*

*John Cage, a 100 anos  
do seu nacemento*

.....

**Conservatorio  
Profesional de Música**  
19.30

● 26. VENRES

**TAC** TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO

---

**DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ** director  
**CARMEN GURRIARÁN** soprano

*Bob Dylan & Sinistro Total*  
*re-visitados*

López de Guereña, Corigliano

.....

**Igrexa da Universidade**  
22.30

.....

● 27. SÁBADO

**TRÍO ARBÓS**

---

*Divertissement,*  
*cen anos de tríos*

Kapustin, Torres, Ravel

.....

**Paraninfo da Universidade**  
Facultade de Xeografía e Historia  
20.00

● 27. SÁBADO

**BARN OWL** (California, drone)

---

.....

**CGAC**  
**Centro Galego  
de Arte Contemporánea**  
22.30

.....

outubre 2012

● 28. DOMINGO  
**ORQUESTRA DO  
ESPAZO DE CÁMARA DA USC**

**MARIO DIZ** director

*A música contemporánea  
para nenos e maiores, unha  
aventura a coñecer*

Bartók, Lewin

-----  
**CGAC**  
**Centro Galego  
de Arte Contemporánea**  
13.00

● 28. DOMINGO  
**GRUPOS DE CÁMARA DA  
ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA**

-----  
**Igrexa da Universidade**

-----  
19.00

**CELINE LANDELLE** arpa  
**CLAUDIA WALKER** frauta  
**FRANCISCO REGOZO** viola

Takemitsu, Buide, That Tiet, Debussy

-----  
21.00

**VINKA HAUSER** violín  
**CAROLINE BOUMAUD** violín  
**JEFFREY JOHNSON** viola  
**SCOTT HARDY** violoncello

Ravel, Shostakovich, Colomer

● 29. LUNS  
**TAC** TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO

**DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ** dirección  
**NICASIO GRADÁILLE** presentación  
**EIRADO DA LEÑA** (Pontevedra)  
restauración

*Os seráns do TAC*  
*Musicircus, centenario John Cage*

-----  
**Cidade da Cultura**  
20.00

-----

● 30. MARTES  
**ENSEMBLE s21**

*Europa Leste- Europa Oeste:*  
*Wladimir Rosinskij*

Rosinskij, Runchak, Boulez

-----  
**Auditorio de Galicia**  
Sala Mozart  
20.00

● 30. MARTES  
**TON RISCO** vibráfono / percusión  
**JACOBO DE MIGUEL** piano

*Dúo*

-----  
**CGAC**  
**Centro Galego  
de Arte Contemporánea**  
22.30

-----

● 31. MÉRCORES  
**REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA**

**ERNEST MARTÍNEZ IZQUIERDO**  
director  
**KARI KRIIKKU** clarinete

*D'om le vrai sens, estrea  
en España do concerto para  
clarinete de Kaija Saariaho*

Ives, Matalon, Saariaho

-----  
**Auditorio de Galicia**  
20.30

Abono 8 concertos\*: **18 euros**

Abono 4 concertos\*  
(a escoller): **10 euros**

Entradas: **3 euros**

**Real Filharmonía de Galicia**  
(Auditorio de Galicia,  
31 outubro): **6 euros**

**Entrada libre** (3 concertos):

Elisa Vázquez Doval  
(Conservatorio, 26 outubro)

Trío Arbós (27 outubro)

Orquestra do Espazo  
de Cámara da USC  
(CGAC, 28 outubro)

Venda de entradas:

**Teatro Principal**  
(18.00-21.00 h de martes a sábado)

Fóra de abono:

**Seráns do TAC**  
(Cidade da Cultura, 29 out.)

**5 euros** [www.servinova.com](http://www.servinova.com)

en *The turn of the screw* de Britten. Traballou con Diego Mas-son nas edicións 2009 e 2010 da Dartington International Summer School 2009 e 2010, dirixindo no Dartington Great Hall *Madama Butterfly* de Puccini e *Le nozze di Figaro* de Mozart. A London Sinfonietta seleccionouno para participar no seu primeiro programa de novos directores na London Sinfonietta Academy 2010. Pianista de formación, forma o proxecto Galicia XXI xunto co frautista Luís Soto.

### **Carmen Gurriarán** soprano

Nacida en Ourense, estudou a carreira de piano e canto nos conservatorios de Ourense, Santiago de Compostela e Madrid, e realizou estudos de postgrao en Suíza, bolsada pola Xunta de Galicia e a Fundación Martha Moser. Prolífica intérprete de música contemporánea, estreou obras de M. Rodeiro, D. del Puerto, J. Arias Bal, P. Vallejo, J. Rueda, J. M. López López, J. Torres, Falcón

Sanabria, G. Acilu, A. Webern, L. Dallapiccola, M. Feldman, S. Gubaidulina, A. Schnittke, G. Scelsi, entre outros, dentro do ciclo Música de Hoy en el Centre de Cultura Contemporània de Barcelona, no CGAC, no MARCO de Vigo, na Fundación Juan March, no Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, no Auditorio Nacional de Música de Madrid, no Festival de Música Contemporánea de Alicante, nos festivais Are More, Via Stellae, etc. Fundou o cuarteto vocal 4Frequency. Cantou coa Orquesta de Cámara Andrés Segovia, Real Filharmonía de Galicia, Modus Novus, Orquesta de RTVE, Orquesta de la Comunidad de Madrid e traballou con directores como P. André Valade, J. Ramón Encinar, P. Halffter, A. Ros Marbà, A. Leaper, E. García Asensio, A. Tamayo, L. Pfaff, etc.

# 27

outubro | sábado

## **Paraninfo da Universidade**

Facultade de Xeografía e Historia

**20.00**



## **TRÍO ARBÓS**

**Juan Carlos Garvayo** piano  
**Miguel Borrego** violín  
**José Miguel Gómez**  
violoncello

*Divertissement,  
cen anos de tríos*

En coprodución co  
Centro Nacional de Difusión Musical  
(CNDM)

I

Jesús Torres (1965)  
Trío (2001)

Nikolai Kapustin (1937)  
Divertissement (2005)

*Allegro*  
*Adagio*  
*Allegretto*  
*Allegro vivace*

II

Maurice Ravel (1875-1937)  
Trio (1914)

*Modéré*  
*Pantom. Assez vif*  
*Passacaille. Très large*  
*Final*

O **Trío** (2001) do aragonés **Jesús Torres** é unha encarga do Colexio de España en París e o INAEM (Ministerio de Cultura) dedicado ao Trío Arbós. A obra presenta adornos en forma de figuracións circulares e rápidas escalas, características do autor, unha rigorosa formulación estrutural e carece de calquera artificiosidade para centrarse no profundo son da corda e do piano. Esta partitura presenta un rico tema inicial, unha primeira parte de carácter máis celular oposta á central, excesivamente regular, que se aproveita para enriquecer a textura en diversos planos antes de que a axitada cadencia do piano de paso á sección final. O brillante e jazzístico **Divertissement, op. 126** do compositor e pianista ucraino **Nikolai Kapustin**, presenta un estilo compositivo que mestura a arte musical clásica e posclásica europea con idiomas máis modernos como o jazz e o rock, ao que suma un importante grao de improvisación. Todo iso confírelle momentos de clara ins-

piración rusa e outros dunha vitalidade rítmica. Influenciado, segundo el mesmo, polo pianista de jazz canadense Óscar Peterson, compón de modo brillante e natural para o piano, instrumento ao que outorga un papel fundamental cando se combina con outros. En palabras do propio compositor “é unha suite para trío en catro movementos, sen un programa definido con varias improvisacións escritas”.

**Maurice Ravel** escribiu o seu **Trío para violín, violoncello e piano** en Saint Jean de Luz en 1914, dedicado ao seu influente profesor André Gédalge, e se estreou en París en xaneiro de 1915. Esta obra de madurez está composta en catro movementos independentes tomando como modelo o *Trío op. 18* de Saint-Saëns e mostra, case na súa totalidade pero sobre todo no primeiro movemento, o ambiente e as melodías do folclore vasco e con iso, como vían a música española os franceses. O segundo, Pantoum, fai referencia a un tipo de de-

clamación cantada e con múltiples superposicións rítmicas entre os tres instrumentos obtendo resultados sonoros moi orixinais. O Passacaille é nobre, grave e case solemne, nunha sorte de evocación do estilo maxestuoso de Rameau, e o final, de natureza orquestral, permite que o piano entoe un canto triunfal escoltado polas cordas nun trino que outorga a este desenlace unha forte cor pintoresca.

### Trío Arbós

Fundouse en Madrid en 1996 tomando o nome do célebre director, violinista e compositor español Enrique Fernández Arbós (1863-1939). Na actualidade é un dos grupos de cámara máis prestixiosos do panorama musical español e o seu repertorio abrangue dende as obras mestras do clasicismo e o romanticismo (integrais de Mozart, Beethoven, Schubert, Mendelssohn, Schumann, etc.) ata a música do noso tempo. Dende a súa formación en 1996, un dos principais obxec-

tivos do Trío Arbós foi a contribución ao enriquecemento da literatura para trío con piano a través do encargo de novas obras. Actúa con regularidade nas principais salas e festivais internacionais ao longo de máis de trinta países. Ten realizado gravacións dedicadas a Joaquín Turina, Jesús Torres, César Camarero, Luis de Pablo, Mauricio Sotelo e Roberto Sierra para os selos Naxos, Kairos, Col Legno, Verso, Ensaio e Fundación Autor. Recentemente gravou o triple concerto *Duración Invisible* de César Camarero coa Orquesta Nacional de España dirixida por Peter Hirsch. O seu proxecto *Triplo Zone* para a ampliación e difusión da literatura para trío con piano foi patrocinado pola Ernst von Siemens Musikstiftung.



## ORGANIZA



## COLABORA



fundación cidade  
da cultura de galicia

galicia



XUNTA  
DE GALICIA



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

CONSORCIO PARA LA PROMOCION DE LA MUSICA

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE EDUCACION, CULTURA  
Y DEPORTE

inaem

INSTITUTO NACIONAL  
DE LAS ARTES ESCENICAS  
Y DE LA MUSICA

